

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E **A FEDERACIÓN DE ENSINO DO SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBRERAS DE GALICIA (CCOO)** A REALIZACIÓN ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO COMO ENTIDADE COLABORADORA.

ANTECEDENTES

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional exerce as competencias en materia de formación permanente do profesorado, e durante os últimos anos vén asinando acordos con sindicatos, asociacións, fundacións, universidades etc. para a realización de actividades de formación permanente do profesorado

Que **CCOO** conta con persoal cualificado e recursos materiais para contribuír á formación dos profesores que participan nas actividades de formación.

RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A formación permanente do profesorado constitúe unha das pezas clave dun sistema educativo que aspire á mellora da súa calidade. A Orde do 14 de maio de 2013 di no preámbulo que a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establecerá un marco estable que dea resposta adecuada ás necesidades formativas do sistema educativo que permita conxugar e completar a oferta formativa institucional, coas propostas complementarias procedentes doutras institucións e entidades colaboradoras que organizan actividades de formación permanente do profesorado, en especial as desenvoltas polas organizacións sindicais representativas do sector educativo, os movementos de renovación pedagóxica e as universidades.

OBXECTIVOS



Coa sinatura deste convenio preténdese seguir coa colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e **CCOO** para establecer o marco adecuado de colaboración, para regular as convocatorias, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades permanentes do profesorado en Galicia.

Para conseguir estes obxectivos as partes obríganse a:

1º. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional colaborará en:

- a) Establecer un seguimento das actividades durante a súa realización.
- b) Ditar resolución sobre o recoñecemento e inscrición das actividades reflectidas no anexo a este convenio e nas correspondentes addendas no Rexistro Xeral de Actividades de Formación Permanente do Profesorado

2º. **CCOO** levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Organizar actividades de formación permanente do profesorado tendo en conta os requisitos establecidos na orde do 14 de maio de 2013 (DOG do 22 de maio) .
- b) Expedir a correspondente certificación aos/ás profesionais que participen nas actividades.
- c) Dispor de persoal técnico, equipamento e instalacións necesarias para levar a cabo as distintas accións formativas propostas no anexo do convenio e nas addendas.

No ano 2021 asinouse un convenio similar a este entre a Consellería **ANPE**, e agora quérense introducir nel unha serie de modificacións en canto á tramitación do recoñecemento das actividades de formación, para que sexa similar ao resto do convenios asinados pola Consellería coa mesma finalidade.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Polo indicado anteriormente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional considera conveniente a sinatura deste convenio de colaboración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humano

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

